



DELEGACION DE CATEQUESE E CATECUMENADO
Domus Ecclesiae, Miramar, s/n, 15401, Ferrol (A Coruña-ESPAÑA)
dcatequese@mondonedoferrol.org

14.09.2023

CURSO 2023-2024 CATEQUISTAS PARA SERVIR

Benqueridos sacerdotes e catequistas:

Un cordial saúdo a cada ún. Reiniciamos un novo curso e unha nova etapa na delegación cun proxecto novo , cun novo equipo en cernes e cun reto singular de dar resposta a novos tempos para a catequese no que se nos pide audacia, creatividade e **unha acción catequética mais personalizada e de primeiro anuncio.**

Nesta tarefa non estamos sos nin imos a cegas: o novo directorio **DIRECTORIO PARA A CATEQUESE** do 2020 aportanos claves importantísimas para a nova evanxelización que debemos coñecer e adoptar,, e tamen a novidade do **ANTIQUUM MINISTERIUM**, ou ministerio do catequista que o papa Francisco institue como un servizo pastoral para toda a Igrexa, que sitúa ó catequista como un ministerio ó servizo da evanxelización.

Neste marco inauguramos unha nova etapa e novo curso. Este é o segundo ano centrado de novo na figura do catequista :

2022 A LEDICIA DE SER CATEQUISTA

2023 O QUE FAI UN CATEQUISTA CATEQUISTA PARA SERVIR

2024 COMO SE FAI UN CATEQUISTA

Como novo delegado pónome a vosa disposición, fareime presente nos novos arciprestados e nas zonas que o solicitedes, e sempre ofrecervos o traballo común coas dioceses galegas da nosa páxina **www.catequesisdeg Galicia.org**, á que contribuímos dende fai anos e que é xa un referente mais alá da nosa terra.

Ánimo na tarefa de sementar que se nos encomenda.

Carlos Miranda Trevín

Delegado de Catequese e Catecumenado.